



Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Penedo das Ferraduras

No Penedo das Ferraduras de Santa Baia de Vences, concello de Monterrei (Ourense) hai un tesouro, ou polo menos sábese que o buscaron seguindo as instrucións do Libro de San Cipriano.

Este penedo está a medio camiño entre a Casa do Frade, ou Penedo da Horta, e o monte de San Agustín e ten á vista as pegadas que deixou alí o cabalo dun frade. A explicación é que o frade dicíalles misa ós mouros dacabalo no Penedo da Horta e logo dirxíase á capela que hai no monte de San Agustín, facendo parada para descansar no Penedo das Ferraduras.

Outros din que as pegadas non son do cabalo do frade; que son do de Santiago cando lles axudou ós de Vences a loitar contra os franceses.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

TABOADA, J., «Insculturas de herradura en la comarca del Támega», en Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense, XV, fasc. III, 1946.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.